



---

DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR CORRESPONDENTES AOS TÍTULOS DE:

1. Técnico en carpintería e moble
  2. Técnico en elaboración de produtos alimentarios
  3. Técnico en instalacións frigoríficas e de climatización
  4. Técnico en instalacións de producción de calor
  5. Técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria
  6. Técnico superior en proxectos de edificación.
  7. Técnico superior en sistemas electrónicos e automatizados
- 

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 10 de maio de 2011, emite o seguinte ditame en relación cos proxectos de decreto polos que se establecen os currículos dos ciclos formativos de grao medio e superior de sete novos títulos de técnico e técnico superior de formación profesional.

1. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que se adopten medidas para dotar de competencia lingüística en galego a aquel alumnado que non cursou os estudos previos en Galicia e non dispón desta competencia.
2. Tamén recomenda á Administración educativa para que adopten as medidas adecuadas para adaptar os centros e equipamentos á posta en marcha dos títulos de formación profesional que emanan da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
3. Así mesmo, recoméndalle que desdobre os grupos de formación profesional que superen os 20 alumnos e alumnas, sobre todo naqueles que resulten perigosos para o alumnado e profesorado, no tocante a manexo de produtos ou aparellos de risco. Nesta rateo debe contar o alumnado repetidor.
4. Para o punto 1 do artigo 8º, do currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico superior en procesos e calidade na industria alimentaria, proponese unha nova redacción co seguinte texto: **“As industrias alimentarias galega e española afrontan o reto de aumentar a súa competitividade ante a internacionalización dos mercados e a globalización da economía”**.
5. Nese mesmo artigo, no seu punto 5, proponese a adición do texto que figura en negriña: **“Un grande número de empresas alimentarias está a enfocar a actividade á producción e a potenciación de produtos galegos de calidade, asociados a denominación de orixe...”**.
6. Para o punto 1 do artigo 8º, do currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico en elaboración de produtos alimentarios, proponese a adición do texto en negriña: **“A industria agroalimentaria ocupa unha posición importante no sector industrial galego, español e da Unión Europea.”**.

7. Para o punto 4 dese mesmo artigo, proponse que se engada ao final do parágrafo o seguinte texto: "**e a elaboración e potenciación de produtos galegos de calidad.**".
8. Para todos os decretos proponse a inclusión dunha disposición transitoria segunda co seguinte texto: "**A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria contemplará medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuir ao mellor desenvolvimento e aplicación destes novos currículos**".

O Secretario

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr.  
O Vicepresidente



Fernando del Pozo Andrés

